

Obradoiro: ASEMBLEAS E REUNIÓN

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 23 de febreiro ao 23 de marzo de 2021	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe. A persoa titora estará dispoñible os luns, mércores e venres de 12:00 a 14:00hs e os martes e xoves de 17:00 a 19:00hs. As sesións virtuais de aprendizaxe serán os días 23 de febreiro, 9 e 23 de marzo en horario de 17:00 a 19:00hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Mellorar o funcionamento de equipos de traballo.
- Mellorar as competencias para a participación nas entidades da economía social.
- Ofrecer unha guía práctica para desenvolver reunións eficaces, participativas e cun bo clima grupal.
- Provocar a reflexión sobre os distintos aspectos que cómpre coidar para lograr reunións redondas: con resultados positivos e concretos, participativas e nun clima cordial.
- Presentar metodoloxías e técnicas que contribúen a mellorar as nosas asembleas e reunións.
- Mellorar as habilidades persoais para traballar en equipo.

PROGRAMA E CONTIDOS

- Tema 1. Introducción e presentación do curso.
- Tema 2. A preparación das reunións. Elementos previos.
- Tema 3. O papel da persoa moderadora
- Tema 4. Abordamos os temas na reunión.
- Tema 5. Pechamos acordos ou conclusións.
- Tema 6. Recursos útiles para a práctica das asembleas e reunións.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

As sesións virtuais de aprendizaxe serán os días 23 de febreiro, 9 e 23 de marzo en horario de 17:00 a 19:00hs. na plataforma aulaespazocoop.com

DIRIXIDO A

Persoas que traballan ou colaboran con entidades de economía social e solidaria (cooperativas, sociedades laborais, confrarías, Centros Especiais de Emprego, Empresas de inserción, Asociacións, Fundacións, etc). Público en xeral interesado.

Composición do grupo: mínimo 15 persoas e máximo 30.